




1. EMPRAZAMENTO




DATOS XERAIS

Comarca: Rías Altas. Sector: Ría do Barqueiro. Municipio: O Vicedo. Parroquias: Santo Estevo do Vicedo ao leste e San Miguel de Negradas ao oeste. Extensión: 2,98Km²

2. CARACTERIZACIÓN

ELEMENTOS NATURAIS



AS FORMAS DO RELEVO

Trátase dunha unidade de relevo variado, cohesionada polo aspecto de conca visual de interior de ría. Aparecen así tramos cantís, con outros mixtos e outros de clara adscripción sedimentaria. A conca non ten moita proxección continental, con elevacións costeiras sobre a costa no S e o N, e un amplo pero curto val aberto na parte central. O debuxo e a orientación, é dicir, a disposición das xeofomas costeiras e o retroceso diferencial das mesmas dependen da existencia de varias fracturas paralelas en dirección ONO-ESE. Os entrantes do Vicedo Lanuxe, O Vicedo e a orientación da praia de Area Longa están directamente vinculados con estes fenómenos tectónicos.

AS UNIDADES LITOLÓXICAS

A unidade está dominada, en case a súa totalidade, polo Dominio hercínico, en concreto, no seu maioría, por un granito de dúas micas, salvo a parte nororiental, na que aparece unha granodiorita tardía. Pero ademais, unha franxa irregular, desde Vicedo Lanuxe até O Vicedo, e mesmo máis ao sur xa moi estreita, inclúe o Precámbrico cun gneis "Olo de Sapo" no seu facies de megacristais. A existencia de fallas transformantes transversais á banda explica esa irregularidade. Os depósitos sedimentarios, dunares e praieros, concéntranse no arco de Area Longa, que suma esta praia e a de Fomento.

A DIVERSIDADE CLIMÁTICA

Ambiente climático Cálido e Seco no que a temperatura media anual supera os 14°C e a amplitude térmica media oscila entre os 12,5°C e os 13,5°C. En canto ás precipitacións, hai que falar de máximos acumulados de 1000mm ao ano que se superan lixeiramente en puntos do Monte Faro.

OS SOLOS

As praias do Fomento e Area Longa presentan arenosos álbicos. O tramo inferior da unidade ten chans máis profundos de aptitude agrícola e do tipo cambisol, que dan paso á catena umbrisois dístricos e regosois cara ao alto da vertente.


AS AUGAS

Amplo anfiteatro costeiro entre os montes da Atalaia e Pena das Pías, constituído por pequenos vales que desaugan no arco que forman as praias de Area Longa e do Fomento, sobre a masa de Augas Costeiras da Ría do Barqueiro (20162).

O PATRIMONIO NATURAL

Costa do IBA Punta Candieira-Ría de Ortigueira-Estaca de Bares. A liña de costa entre Punta Congreira e a praia do Vidrieiro, ademais da praia de Area Longa, está protexida polo LIC Costa da Mariña Occidental. É unha unidade mixta: acantilada, onde o hábitat máis importante é o 1230, "Cantís con vexetación das costas atlánticas e bálticas", aínda que aparecen varias covas de importancia no sector setentrional que suman o hábitat 8330 de "Covas mariñas mergulladas e semisumerxidas; e areosa, onde aparecen os hábitats dunares do grupo 21, dunas marítimas das costas atlánticas. Nos hábitats de interior destaca unha masa mixta con caducifolias en recolonización no Vicedo Lanuxe e outra de recolonización asociada a unha área deprimida e húmida na valgada da capital municipal.

ELEMENTOS ANTRÓPICOS



USOS DO SOLO

Domina o uso forestal, procedente de labores de repoboación, ao norte e sur da unidade cubrindo as ladeiras dos relevos do Monte da Atalaia e Monte Brañoso e Espiñeiro respectivamente. Entre estas zonas montuosas, no centro da unidade, ábrese un val de orixe estrutural que presenta unha orientación oeste-este e onde a orografía máis suave posibilita a existencia de espazos de cultivo, presionados polos ámbitos residenciais urbanos das proximidades do porto do Vicedo e Praia de Fomento. O sector máis próximo á costa presenta un uso residencial predominante, que se corresponde aos núcleos ligados á tradicional actividade portuaria do porto do Vicedo.

MORFOLOXÍA

O núcleo de identidade litoral do Vicedo é o polo de atracción poboacional máis importante da unidade e o máis importante do sector oriental da Ría de Barqueiro, capital do municipio homónimo desde 1952. O asentamento orixinal é considerado como Núcleo de Identidade do Litoral, debido á súa secular ligazón co ámbito costeiro. Ao redor deste asentamento o proceso edificatorio experimentou un moderado crecemento apoiado nas vías de comunicación existentes, o que resulta un crecemento lineal concentrado, principalmente, ao sur da Praia de Fomento onde conflúen as estradas LU-6405 e N-642. Ambas vías de comunicación parecen estar constituíndose como corredores residenciais que avanza cara ao oriente da unidade. Doutra banda, mantéñense algúns asentamentos tradicionais de carácter periférico como poden ser O Vicedo Vello, O Campón, Piñeiro, O Vicedo, Eiroá.

INFRAESTRUTURAS DE MOBILIDADE

A principal vía de comunicación é a N-642 que cruza a unidade de leste a oeste e permite a conexión entre as provincias de Lugo e A Coruña o atravesar a Ría de Barqueiro sobre o estuario do Río Sor. A estrada LU-6405 comunica coa unidade oriental de Xilloi e ao redor dela detéctase a instalación de novos usos residenciais. As estradas LU-6408 e 6409 percorren de norte a sur o litoral permitindo o acceso aos distintos areais. A conexión co interior realízase grazas ás estradas LU-6402 e LU-6404 que parten do núcleo de O Fomento. O tren de vía estreita de FEVE discorre paralelo á N-642 e conta con estación no Vicedo. Sinalar a existencia do porto pesqueiro e deportivo do Vicedo que foi ampliado e protexido coa construción dun dique sobre a Punta da Insua.

PATRIMONIO HISTÓRICO

A Punta do Castro, ao norte do porto do Vicedo, tal como a súa propia toponimia indica, debeu albergar un antigo castro e por iso este sector foi declarado ben de interese cultural e o propio concello do Vicedo catalogou este sector no seu plan como chan rústico protexido. En canto ao patrimonio industrial, foron moi importantes as fábricas de conservas de peixe e salgadas. Chegou a haber até 8 fábricas, algunhas das cales aínda se conservan en bo estado na zona do porto, e pódense recoñecer pola súa forma e grandes dimensións, así como pola existencia de patios interiores onde transcorría todo o proceso de cortado, secado e salgado do peixe. A fábrica de salga de Catá do Porto do Vicedo está catalogada como ben de interese cultural.

O CARÁCTER E A ORGANIZACIÓN ACTUAL

Trátase dunha unidade caracterizada pola presenza do espazo construído na contorna do Vicedo e pola súa situación xeográfica no fondo da Ría de Barqueiro. O porto pesqueiro e deportivo, a actividade turística, que chega a dobrar a poboación habitual en períodos estivais vinculada aos distintos areais existentes (praias de Caolín, Vicedo Vello, Fomento, Moledos, Os Castelos e Arealonga respectivamente de norte a sur) e á proximidade ao estuario do río Sor, e a súa situación limítrofe entre Lugo e A Coruña, son os elementos determinantes na organización espacial da unidade. É posible afirmar que este é o último dos espazos urbanos del sector occidental da provincia de Lugo.

DINÁMICA DA PAISAXE**RISCOS E IMPACTOS**

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

3. AVALIACIÓN**VALORACIÓN DA PAISAXE**

Trátase dunha unidade situada xeograficamente no fondo da Ría de Barqueiro, moi próxima ao estuario do Río Sor e por iso, de gran valor paisaxístico, xa que desde ela dominase toda a conca visual da ría e a fachada oriental do relevo que constitúe a Estaca de Bares. Conta con importantes recursos naturais destacando a frecha areosa de Arealonga e as abundantes masas forestais sobre os relevos do norte e sur da unidade, ademais dalgunhas manchas de caducifolias e de masas de repoboación do interior. O sector litoral da unidade, a excepción do ámbito portuario e urbano do Vicedo, é recoñecido como LIC segundo a Directiva Hábitat e ZEPVN, segundo a lei galega de espazos protexidos destacando os sistemas dunares da citada praia de Arealonga. Desde o punto de vista antrópico, cabe destacar a consideración do Vicedo como Núcleo de Interese do Litoral, tanto pola súa trama como pola súa secular tradición portuaria. O porto pesqueiro e deportivo é un exemplo actual desa relación, pero tamén perviven vestixios de actividades propias dun pasado recente en relación co sector pesqueiro, como poden ser as fábricas de salgaduras aínda en pé, catalogadas como patrimonio cultural. Outra mostra, neste caso relixioso-popular, da relación do Vicedo co litoral, é a procesión do Carme, que se celebra o terceiro domingo de xuño e na que se traslada á Virxe do Carme desde a súa igrexa parroquial até a Cofradía de Pescadores do Vicedo. Ao día seguinte da procesión terrestre, faise outra marítima que parte do porto con embarcacións engalanadas que finaliza facendo unha ofrenda polos mariñeiros mortos desempeñando a súa profesión. Proponse o sector máis occidental da Praia de Area Longa como lugar idóneo para a observación e comprensión dos trazos descritos nesta unidade.



4. PLANIFICACIÓN

OBXECTIVOS DE CALIDADE PAISAXÍSTICA

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ACCIÓNNS

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ÁMBITOS DE REQUALIFICACIÓN

Non existen ámbitos de recualificación nesta unidade.

Lenda / Leyenda

Usos do solo / Usos del suelo

- | | |
|---|--|
|  Chairas intermareais / Llanuras intermareais |  Matogueiras / Matorrales |
|  Marismas / Marismas |  Cultivos e prados / Cultivos y prados |
|  Praias / Playas |  Cultivos frutícolas e de viveiro / Cultivos frutícolas y de vivero |
|  Dunas / Dunas |  Viñedos / Viñedos |
|  Lagoas e humedais costeiros / Lagunas y humedales costeros |  Cultivos baixo plástico / Cultivos bajo plástico |
|  Cantis / Acantilados |  Forestal de repoboación / Forestal de repoblación |
|  Vexetación costeira / Vegetación costera |  Outras formacións arbóreas / Otras formaciones arbóreas |
|  Bosques autóctonos / Bosques autóctonos |  Outras masas de auga / Otras masas de agua |
|  Bosques de ribeira / Bosques de ribera |  Canteira / Cantera |
|  Bosques mixtos / Bosques mixtos |  Artificial / Artificial |
|  Bosques de recolonización / Bosques de recolonización | |
|  Outras formacións de carácter húmido / Otras formaciones de carácter húmedo | |

Asentamentos / Asentamientos

-  Asentamento de carácter fundacional / Asentamiento de carácter fundacional
-  Desenvolvemento periférico / Desarrollo periférico
-  Asentamento funcional / Asentamiento funcional
-  Agregado urbano / Agregado urbano
-  Nova agrupación / Nueva agrupación
-  Outras edificacións / Otras edificaciones

Hidrografía / Hidrografía

Patrimonio / Patrimonio

-  Bens de Interese Cultural / Bienes de Interés Cultural
-  Arquitectura industrial, militar e marítima / Arquitectura industrial, militar y marítima
-  Patrimonio arqueolóxico / Patrimonio arqueológico
-  Patrimonio etnográfico / Patrimonio etnográfico
-  Ptos de observación de conca ampla / Ptos de observación de cuenca amplia
-  Puntos de observación didácticos / Puntos de observación didácticos
-  Puntos de observación / Puntos de observación
-  Faros / Faros

Toponimia / Toponimia

- Toponimia interior / Toponimia interior
- Núcleos de indentidade do litoral / Núcleos de identidad del litoral**
- Praia / Playa
- Lugares con enerxía de relevo / Lugares con energía de relieve
- Toponimia de costa / Toponimia de costa
- Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico**
- Toponimia de portos / Toponimia de puertos

Batimetría / Batimetría

- | | | | | |
|---|---|--|---|---|
|  0 m |  -20 m |  -100 m |  -500 m |  -2000 m |
|  -10 m |  -50 m |  -200 m |  -1000 m |  -3000 m |

Espazos de interese / Espacios de interés

-  Espazos de interese xeomorfolóxico / Espacios de interés geomorfológico
-  Área de interese de Taxón / Área de interés de Taxón
-  Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico
-  Espazos de protección de ladeira / Espacios de protección de ladera

Rede de Espazos Naturais / Red de Espacios Naturales

Liña de dinámica litoral / Línea de dinámica litoral

Sistemas territoriais / Sistemas territoriales

-  Zona aeroportuaria / Zona aeroportuaria
-  Pista de ateraxe / Pista de aterrizaje
-  Lámina de auga do porto / Lámina de agua del puerto
-  Zona portuaria / Zona portuaria
-  Ferrocarril / Ferrocarril
-  AVE / AVE
-  Autoestradas e autovías / Autopistas y autovías
-  Corredores e vías rápidas / Corredores y vías rápidas
-  Outras estradas / Otras carreteras
-  Pistas e camiños / Pistas y caminos
-  EDAR / EDAR



1:20.000

0 100 200 400 600 800 Metros

Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29
Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29



